

MINISTERIO DE INTERIOR

3268 *REAL DECRETO 137/2000, do 4 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro. («BOE» 42, do 18-2-2000.)*

O Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, adecuou este procedemento administrativo á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A modificación desta última pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, repercute necesariamente nalgúns aspectos do procedemento sancionador en materia de tráfico que cómpre axustar á nova normativa.

A nova regulación, que se contén no artigo 44.2 da citada lei, do momento en que produce os seus efectos nos procedementos sancionadores a falta de resolución expresa no prazo establecido esixe modificar, no dito regulamento, o prazo en que se produce a caducidade regulada no artigo 16. Doutra banda, a supresión da prohibición de delegación da potestade sancionadora, que se establecía no antigo artigo 127.2 da Lei 30/1992, aconsella que se prevexa expresamente esta posibilidade fixando regulamentariamente as autoridades delegadas no artigo 15. Ó propio tempo, cómpre introducir algunhas modificacións neste artigo ó ter desaparecido a figura dos gobernadores civís.

Por último, modifícase o artigo 13.2 no sentido de precisar máis nitidamente a distinción entre o trámite de audiencia ó interesado e a proposta de resolución para axustalo dito artigo ó 84.4 da Lei 30/1992.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de febreiro de 2000,

DISPONGO:

Artigo único.

Os artigos 13.2, 15, 16 e 17.1 do Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, quedan redactados do modo seguinte:

«Artigo 13.2.

Unha vez concluída a instrucción do procedemento e practicada a audiencia ó interesado polo órgano correspondente, agás cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos e outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado, o instructor elevará proposta de resolución ó órgano que teña atribuída a competencia sancionadora para que dicte a resolución que proceda.»

«Artigo 15.

1. Os delegados ou subdelegados do Goberno, se é o caso, e os alcaldes, dictarán resolución san-

cionadora ou resolución que declare a inexistencia de responsabilidade pola infracción. A dita resolución dictarase por escrito conforme prevén o artigo 55.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal; neste caso o titular da competencia deberá autorizar unha relación das que dicitase de forma verbal, con expresión do seu contido conforme prevén o artigo 55.2 da referida lei. A resolución terase que notificar no prazo de seis meses desde que se iniciou o procedemento, deberá ser motivada e decidirá tódalas cuestións formuladas polos interesados e aquelas derivadas do procedemento.

2. A resolución non poderá ter en conta feitos distintos dos determinados na fase de instrucción do procedemento, sen prexuízo da súa diferente valoración xurídica.

3. As autoridades que teñan atribuída a potestade sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, poderán delegar as súas competencias nos xefes provinciais e locais de tráfico ou nestes e nos subdelegados do Goberno correspondentes cando se trate do delegado do Goberno. A potestade sancionadora tamén poderá ser delegada polos alcaldes conforme as normas polas que se rexe a Administración local.

Artigo 16.

Se non se notificase a resolución transcorridos seis meses desde a iniciación do procedemento, producirase a caducidade deste e procederase ó arquivo das actuacións, por solicitude de calquera interesado ou de oficio polo propio órgano competente para dicta-la resolución, excepto nos casos en que o procedemento se paralizase por causa imputable ós interesados ou no suposto de suspensión do procedemento previsto no artigo 2.1 deste regulamento, así como tamén polas causas previstas no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 17.1.

Contra as resolucións dos subdelegados do Goberno poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante o delegado do Goberno, quen poderá delega-la competencia para resolver no director xeral de Tráfico. E contra as resolucións dos delegados do Goberno poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante o ministro do Interior, quen igualmente poderá delega-la competencia para resolver no director xeral de Tráfico.»

Disposición derradeira única.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
JAIME MAYOR OREJA